

CAMPAÑA DE AMPLIACIÓN DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO. 2013 - 2014

Os socios e socias constitúen a base social do Museo do Pobo Galego sendo a canle de participación da cidadanía no museo. A súa presenza dálle á institución pluralidade, independencia e fortaleza e contribúe activamente ao seu dinamismo e eficacia.

Hoxe necesitamos reforzar o museo como institución de toda a sociedade galega como referente dos elementos de identidade que nos definen como pobo. Sermos máis socios e socias é facer do MPG o “noso” museo.

Os representantes de socios e socias co apoio da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego, lanzamos unha campaña de captación de novos socios e socias, marcándonos coma obxectivo acadar 500 novas inscricións para finais de 2014.

Para facilitar a túa incorporación como socia ou socio, o museo flexibiliza o pago das cotas desde mensual a anual e posibilita darse de alta a través do apartado de socios da web (www.museodopobo.com).

O cadro de cotas mínimas segundo o períodos de pago son:

-Cota mensual	5,00 euros
-Cota trimestral	10,00 euros
-Cota semestral	15,00 euros
-Cota anual	30,00 euros

Ao ser o museo unha institución declarada de interese público, as cotas abonadas terán dereito a dedución na declaración do IRPF ou na do imposto de Sociedades segundo corresponda

**Suma un socio,
multiplica
o teu apoio**

ASOCIATE

